



#### Ordenanza n.º 7

##### Ordenanza fiscal da taxa por recollida de lixo

Artigo 1º.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola recollida domiciliar de lixo ou residuos sólidos urbanos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

##### Artigo 2º.-

1.- Dado o carácter xeral hixiénico-sanitario e de interese xeral, o servizo é de obrigatoria aplicación e pagamento para toda persoa física ou xurídica que sexa suxeito pasivo da obriga, segundo o establecido no artigo 5.º da presente ordenanza.

2.- Queda totalmente prohibido o vertido de lixo en todo o termo municipal.

##### Artigo 3º.-

1.- Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida, condución, trasfega, vertido, manipulación e eliminación de lixo domiciliar e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou esta-

blecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas, de servizos ou similares.

2.- Entran dentro do ámbito da presente ordenanza os desfeitos sólidos producidos como consecuencia das seguintes actividades e situacións:

- a) Domiciliarias.
- b) Comerciais e de servizos.
- c) Industriais, de construción de obras menores, de reparación domiciliar.
- d) Outras análogas.

3.- O lixo deberá ser depositado polos usuarios do servizo nos colectores instalados para o efecto, e deberá ser introducido previamente en bolsas de plástico debidamente pechadas. O lixo que polas súas características especiais non poida ser depositado nas correspondentes bolsas será sacado á vía pública.

##### Artigo 4º.-

1.- A obriga de contribuír nace coa prestación do servizo, por te-la condición de obriga e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo.

2.- Non será admisible ningunha alegación sobre vivendas e locais pechados ou non utilizados como eximente ó pagamento da presente taxa.

3.- Considerarase exentas do pagamento da presente taxa as vivendas baleiras e que acrediten mediante certificados das empresas subministradoras que non dispoñen de servizos de luz e auga.

##### Artigo 5º.-

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas e locais, os cales poderán repercutir, de se-lo caso, cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

##### Artigo 6º.-

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas: concepto, importe anual.

- a) Vivendas de carácter familiar, 57,12 euros/ano.
- b) Bares, cafeterías, fondas e establecementos de carácter similar, 140,45 euros/ano.
- c) Hoteis, hostais, residencias, restaurantes e similares, 294,95 euros/ano.
- d) Locais industriais e comerciais de máis de 100 m<sup>2</sup>, 281 euros/ano.
- e) Locais industriais ou comerciais, de máis de 50 m<sup>2</sup> e menos de 100 m<sup>2</sup>, 180,46 euros/ano.
- f) Locais dedicados a comercios de venda por xunto de menos de 50 m<sup>2</sup> e organismos públicos, 96,67 euros/ano.
- g) Discotecas, supermercados e entidades financeiras, 483,40 euros/ano.
- h) Locais situados na Praza de Abastos:
  - Actividade que ocupe un posto: 52 euros/ano.
  - Actividade que ocupe dous postos: 78 euros/ano.
  - Actividade que ocupe tres ou máis postos: 91 euros/ano.

##### Artigo 7º.-

1.- Para os efectos da cobertura da presente taxa, por parte do Concello formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes e as cotas respectivas que se lles liquidan por aplicación



da presente ordenanza. As altas ou incorporacións que non sexan a petición propia notificaránselles persoalmente ós interesados.

2.- Unha vez incluídos os contribuíntes no padrón de referencia non será necesario ningunha notificación, bastando a publicación anual deste no BOP e no taboleiro de anuncios.

#### Artigo 8º.-

1.- As baixas do padrón poderán cursarse antes do último día laborable do respectivo exercicio para que produzan efectos a partir do exercicio seguinte.

2.- As altas que se produzan dentro do exercicio producirán efectos desde a data en que nazan a obriga de contribuír. A administración municipal liquidará en tal momento da alta a taxa procedente e quedará automaticamente incorporada ó padrón para seguintes exercicios.

#### Artigo 9º.-

1.- A taxa regulada pola presente ordenanza percibirase por anos completos o día primeiro de cada exercicio.

2.- As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario e a súa prórroga faranse efectivas pola vía de constrinximento, consono coas normas do Regulamento xeral de recadación.

3.- Consideraranse partidas nulas ou créditos incobrables aquelas cotas que non poidan facerse efectivas polo procedemento de constrinximento, para cuxa declaración se formará o oportuno expediente, de acordo co previsto no Regulamento xeral de recadación.

#### Artigo 10.-

1.- En todo o referido á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que a estas correspondan en cada caso, haberá que averse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2.- As infraccións a esta ordenanza que non constitúan defraudación serán resoltas pola Alcaldía, na forma e contía previstas nas disposicións legais vixentes.

#### Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e que transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local".

Contra a aprobación definitiva destas ordenanzas fiscais poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano correspondente da dita xurisdición, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ribadavia, 18 de xaneiro de 2008. O alcalde.